

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

ORDE do 18 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca, polo procedemento de anticipado de gasto, o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais (código de procedemento SA500A).

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo, foi creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, e está adscrito á Consellería de Sanidade e os seus fins e funcións regúlanse no capítulo I do título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Así mesmo, segundo o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención Primaria, é a responsable de desenvolver as actuacións sanitarias en relación coa saúde mental nos centros sanitarios, así como na rede de centros de drogodependencias, e de impulsar a cooperación e coordinación cos órganos ou unidades da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competentes en materia de servizos sociais, de cara a fomentar o desenvolvemento e a integración das prestacións sociosanitarias.

Segundo este decreto, as funcións do Servizo de Saúde Mental son as seguintes:

- a) A definición, implantación e coordinación do plan, programas e actividades en relación coa saúde mental.
- b) O establecemento e seguimento dos obxectivos e indicadores no ámbito da saúde mental, necesarios para conseguir a total integración asistencial e a efectiva continuidade de cuidados, así como a avaliación destes.
- c) A coordinación e xestión da rede de centros asistenciais de drogodependencias.
- d) En xeral, aquelas outras funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

No actual contexto sociosanitario cómpre favorecer o desenvolvemento de novos programas que dean resposta ás necesidades das persoas con trastorno mental e adiccións,



patoloxías que están suxeitas a un posible incremento na súa prevalencia debido ás medidas adoptadas para a contención da epidemia da COVID-19. Por outra banda, cómpre promover programas que poidan levarse a cabo en condicións de distanciamento social e eventual illamento.

Por iso, o Goberno galego aprobou no ano 2020 o Plan de saúde mental posCOVID-19 período 2020-2024 que ten como obxectivo principal realizar accións que melloren a asistencia aos trastornos mentais e diminúan o impacto que producen tanto nas persoas afectadas por algún destes trastornos, como na súa contorna familiar e social, especialmente tras a incidencia da epidemia na poboación galega. O plan estrutúrase en 5 eixes estratéxicos:

1: «Participación, autonomía e sensibilización», que incide na importancia de lograr a participación efectiva da persoa doente nos seus cuidados e de prestar apoio ás persoas cuidadoras.

2: «A recuperación como meta», que ten como obxectivo a atención ao trastorno mental grave, mediante a detección en primeiros episodios, e o favorecemento da empregabilidade das persoas con trastorno mental severo.

3: «Gobernanza, coordinación e transversalidade», que ten entre os seus obxectivos integrar as unidades de saúde mental en contornas sociosanitarias comunitarias normalizadas.

4: «Saúde mental na infancia e na adolescencia», en que se recollen proxectos para a prevención e identificación dos trastornos mentais na infancia e na adolescencia e a implantación de programas de atención ao trastorno mental severo infantoxuvenil.

5: «Xestión do coñecemento, investigación e avaliación», que ten como obxectivo mellorar os programas asistenciais a partir da experiencia investigadora.

En consonancia cos obxectivos establecidos neste plan, nesta orde establécense as bases reguladoras e procédese á convocatoria de subvencións ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais e as adiccións.

Por todo o exposto, conforme o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regula-



mento, así como na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto e procedemento*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e proceder á convocatoria de axudas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais e dos trastornos adictivos (código de procedemento SA500A).

O contido dos programas que se desenvolverán durante o ano 2023 deberá axustarse, de conformidade coa tipoloxía de cada programa recollido no anexo I, ás seguintes liñas de actuación:

Liña I. Proxectos de investimento en melloras en centros sanitarios e sociosanitarios cuxa actividade principal sexa o desenvolvemento de programas asistenciais e psicosociais ou preventivos en materia de trastornos mentais (incluídos os trastornos adictivos).

Liña II. Programas de intervención comunitaria en persoas con trastorno mental severo (incluídos os trastornos adictivos).

Liña III. Programas de promoción do desenvolvemento de contornas protectoras no ámbito dixital e prevención terciaria en adiccións comportamentais e outras adiccións.

Liña IV. Programas de incorporación social e fomento do emprego en persoas con trastornos mentais (incluídos os trastornos adictivos).

Liña V. Programas de prevención do suicidio.

Habílitate na sede electrónica da Xunta de Galicia o código SA500A para este procedemento administrativo.

Artigo 2. *Normativa aplicable*

As solicitudes, a súa tramitación e a súa resolución axustaranse ao previsto nesta orde.



En todo o non recollido nela, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; así como a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e demais normativa de aplicación.

Artigo 3. *Financiamento e programas subvencionables*

1. A presente orde de subvencións tramítase como expediente anticipado de gasto, de acordo co establecido no artigo 1.1. da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, toda vez que existe crédito axeitado e suficiente no proxecto dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión do 18 de outubro de 2023.

Para o financiamento destas axudas prevese un crédito por un importe total dun millón douscentos trinta e catro mil catrocentos vinte e dous euros (1.234.422,00 €) que se financiarán con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023. Do dito importe, catrocentos mil euros (400.000,00 €) corresponden á asignación do Plan de Acción de Saúde Mental 2022-2024 para o ano 2023, cento sesenta e cinco mil trescentos dezaioito (165.318,00 €) corresponden á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario e o resto a fondos propios libres.

As aplicacións orzamentarias, códigos de proxecto e os créditos de cada liña desagreganse de acordo co indicado na seguinte táboa:

Liñas de actuación	Aplicación	Código	Importe
Liña I:	5001.413A.781.30	201800005	165.318,00 €
Liña II:	5001.413A.481.32	2021 00001	460.836,00 €
Liña III:	5001.413A.481.21	2014 00027	104.134,00 €
Liña IV:	5001.413A.481.21	2014 00027	104.134,00 €
Liña V:	5001.413A.481.34	2022 00004	400.000,00 €

2. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; cando existan re-



manentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

No caso de que se producise este incremento de crédito, repartírase do seguinte xeito:

a) Faríase unha repartición entre as entidades que, superando o limiar mínimo de puntuación, non recibiron subvención ou non acadaron o 100 % do solicitado na asignación ordinaria.

b) Esta nova repartición faríase seguindo o mecanismo de asignación establecido no artigo 13.2.

c) A xustificación deste novo crédito dispoñible faríase do mesmo xeito que o crédito inicialmente outorgado a cada entidade.

3. Cada entidade soamente poderá presentar como máximo 1 programa por liña no caso das liñas II, III, IV e V pero poderá presentar varios no caso da liña I.

4. Todos os programas e actividades que se planifiquen deberán prever necesariamente a perspectiva de xénero.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as entidades definidas no artigo 2 da Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social, e outras organizacións, sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas, polo menos, con dous anos de antelación á data da publicación da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e debidamente inscritas no correspondente rexistro administrativo de ámbito autonómico. As entidades solicitantes deberán de estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS). O cumprimento deste requisito será comprobado de oficio pola Administración. Este requisito entenderase cumprido coa presentación da solicitude de inscrición dentro do



prazo de presentación das solicitudes que establece o artigo 8.3. En todo caso, a entidade deberá de estar debidamente inscrita no momento de pagamento da subvención.

b) Carecer de ánimo de lucro.

c) Ter o seu domicilio social ou delegación na Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. A acreditación de non estaren incursas nas ditas circunstancias realizarase mediante declaración responsable da persoa representante da entidade.

e) Que teña entre os seus fins estatutarios principais actividades de axuda e apoio aos colectivos a que se dirixe a subvención: persoas con trastorno mentais ou persoas con trastornos adictivos.

f) As entidades que formen parte dunha federación ou persoa xurídica similar de ámbito autonómico poderán solicitar as axudas a través destas.

g) Desenvolver as súas actividades de xeito efectivo, contando con medios persoais e materias necesarios, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Todos os requisitos sinalados deberán cumprirse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de execución do programa subvencionado.

2. Dentro dos límites da lexislación autonómica tamén poderán ser beneficiarias as agrupacións de organizacións sen personalidade xurídica nos seguintes termos:

a) Cada un dos seus membros deberá cumprir os requisitos establecidos no número 1 deste artigo.

b) Deberán indicar os compromisos asumidos por cada un dos seus membros e o importe da subvención que se aplica a cada un deles.

c) Deberán nomear unha persoa en representación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas que, como entidade beneficiaria, corresponden á agrupación.

d) Non poderán disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



3. No caso de que algunha das entidades solicitantes sexa unha federación, confederación ou persoa xurídica similar que integre no seu seo a varias entidades, poderá propoñer de entre estas unha ou varias entidades para executar os programas, as cales actuarán no nome e por conta da entidade solicitante.

4. Non se entenderán incluídos dentro da tipoloxía destas entidades do terceiro sector de acción social os organismos ou entidades de dereito público adscritos ou vinculados a unha Administración pública, as universidades, os partidos políticos e as fundacións deles dependentes, os colexios profesionais, as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación, as sociedades civís, as organizacións empresariais e os sindicatos, e outras entidades con análogos fins específicos e natureza que os citados anteriormente.

Artigo 5. *Gastos subvencionables*

1. Consideraranse como gastos subvencionables os que contén coas seguintes características:

a) Que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada ao abeiro do correspondente programa e resulten estritamente necesarios. O programa e actuacións que abrangue deberá coincidir co contido da resolución de concesión da subvención e, se é o caso, coas modificacións autorizadas e deberase acreditar o cumprimento das obrigas establecidas na normativa aplicable.

b) Realizados desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023 e efectivamente pagados ata o 31 de decembro de 2023. Exceptuaranse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior, por axustárense aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerárase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) no cal se reflicta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación. Tamén se exceptúan desta data límite de xustificación os gastos relacionados cos honorarios derivados da xustificación baixo a modalidade de conta xustificativa con achega de informe de auditoría.

c) Que teñan a seguinte natureza:

1º. Gastos do persoal laboral da entidade: custo total que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social correspondentes á empresa. Soamente serán subvencionables os gastos do persoal que figuren relacionados na memoria da solicitude do programa.



ma, e soamente serán subvencionables na porcentaxe imputada que se corresponda co número de horas dedicadas ao programa indicados na antedita memoria, excepto que por necesidades debidamente xustificadas sexa necesario modificar esta. Calquera modificación deberá ser comunicada nun prazo máximo de 30 días desde o momento en que se produza. No caso contrario, non se aceptará o gasto.

Polo que respecta tanto ao persoal laboral da entidade como ao que estea en réxime de arrendamento de servizos, incluídos os complementos ou pluses de contía fixa e carácter habitual, será subvencionable o custo total que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social correspondentes á entidade.

O importe das subvencións destinadas a financiar as retribucións imputables á execución dos programas estará limitado polas contías determinadas para os diferentes grupos de cotización á Seguridade Social que se detallan nos convenios colectivos de aplicación en cada caso.

Para xornadas inferiores ás corenta horas realizarase o cálculo proporcional, segundo indica o artigo 9 do Real decreto 729/2017, do 21 de xullo, polo que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvenciones para a realización de actividades de interese xeral con cargo á asignación tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondentes á Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade.

2º. Gastos de persoal en réxime de arrendamento de servizos.

Este tipo de contrato soamente se admitirá no caso de que non resulte axeitado o desenvolvemento das actividades concretas de que se trate por persoal suxeito á normativa laboral vixente. Non poderá recorrerse a persoas traballadoras autónomas dependentes.

En consecuencia procederá en supostos de contratación de persoas que exerzan profesións liberais para as que se exixa colexiación e outras persoas expertas pertencentes ao terceiro sector social, cando concorran as seguintes circunstancias:

- Que estea dado de alta segundo o modelo 036 de declaración censual.
- Que non estea dentro do ámbito da organización da entidade subvencionada ou reciba instrucións concretas de esta no referente a modo de execución do traballo encomendado.
- Que non estea suxeito a un horario fixo.



– Que asuma os riscos derivados da prestación do servizo.

3º. Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non superen no seu conxunto o 3 % do importe total subvencionable do programa excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe. O importe subvencionable de cada axuda de custo ou gasto de viaxe será, como máximo:

Aloxamento	65,97 €
Manutención	37,40 €
Quilometraxe	0,19 €/km

4º. Gastos de xestión e administración directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro do correspondente programa, incluíndo os custos xerais de estrutura necesarios e indispensables para a súa axeitada preparación ou execución. Poderán imputarse os derivados de auditorías externas sobre a xestión do programa por parte da entidade e da revisión da conta xustificativa, de ser o caso, ata un máximo do 3 % do importe da subvención.

5º. Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro do correspondente programa.

Os gastos de alugamento así como os correntes de subministracións (auga, luz,...) non poderán ser imputados ao 100 % agás que se certifique que ese gasto corresponde de xeito exclusivo á realización da actividade do programa subvencionado. No caso contrario, soamente se poderá imputar unha porcentaxe proporcional ao custo do desenvolvemento do programa sobre o orzamento da entidade.

6º. Gastos de investimento referidos ao equipamento (incluído material informático, tabletas, etc.), obras de reforma, restauración e rehabilitación, gran reparación, conservación, mantemento e adquisición de subministracións, equipamento e vehículos, no caso de entidades beneficiarias de subvencións para o desenvolvementos de proxectos dentro da liña de actuación I.

2. Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de integrante das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.



3. O custo da adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

4. As dúbidas ou controversias en relación coa subvencionabilidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde por propia iniciativa ou por petición de calquera das entidades solicitantes.

Artigo 6. *Subcontratación*

Enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto desta subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Respecto do réxime de subcontratación, será de aplicación o disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar ata o 80 % do proxecto, e en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

Este 80 % inclúe tanto a subcontratación con outras entidades/empresas como o persoal en réxime de arrendamento de servizos.

Artigo 7. *Compatibilidade das axudas*

1. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.

Porén, a percepción destas axudas, non é compatible coas obtidas, para o ano 2023, en virtude da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan axudas, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento SA462B).



Así mesmo, a percepción destas axudas non é compatible coas outorgadas por parte da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria a través de subvencións nominativas consignada nos orzamentos do ano 2023 para esa mesma actividade ou programa.

2. O importe da subvención concedida non poderá ser en ningún caso de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo do correspondente programa. En caso contrario, esta subvención reducirase na cantidade necesaria ata acadar o cumprimento do establecido anteriormente.

3. No caso de entidades solicitantes que sexan perceptoras doutras axudas para a mesma finalidade concedidas por outra entidade, deberán acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. En todo caso, deberá/n facerse constar de forma clara o/os concepto/s de gasto/s afectado/s, así como o/os importe/s imputado/s a cada unha delas. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 8. *Iniciación do procedemento. Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (anexo II), que se acompañará da documentación complementaria que se indica no artigo seguinte.

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. O dito prazo deberá computarse de conformidade co artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



4. Na solicitude, anexo II, asinada pola persoa representante da entidade, deberán figurar datos identificativos e acreditativos de determinados aspectos sinalados nesta orde e demais normativa aplicable:

a) A identificación da entidade solicitante, da persoa representante da entidade, o enderezo electrónico para notificacións e os datos bancarios.

b) Os datos do/dos programa/s respecto do/dos que se solicita subvención: denominación, liña e importe solicitado.

c) As declaracións sobre:

1º. Outras subvencións solicitadas ou concedidas, veracidade dos datos, inexistencia de causa que implique prohibición para ser beneficiaria, cumprimento de requisitos, coñecemento de obrigas e acordo coas actuacións de control.

2º. Que todo o persoal contratado que vai participar no proxecto non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, así como que as persoas voluntarias que van participar no proxecto e que están relacionadas con menores de idade non teñen antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou da descendencia, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxas persoas destinatarias fosen ou poidan ser vítimas destes delitos, en aplicación do previsto no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

d) A indicación da documentación complementaria que se xunta e, se é o caso, constancia dos datos relativos a documentos achegados anteriormente con indicación do tipo, órgano administrativo ante o que se presentaron, código de procedemento e data de presentación e/ou manifestación da oposición á consulta dos documentos sinalados no artigo 9.1.

Artigo 9. *ocumentación complementaria*

1. As entidades deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:



a) A documentación acreditativa da representatividade da persoa solicitante para actuar en nome da entidade para o caso de que esta se atribúa a persoa distinta á designada no Rexistro Administrativo da Comunidade Autónoma.

b) O certificado de posuír certificados de calidade en vigor con base na norma ONG con calidade, ISO 9001:2015, EFQM ou outros sistemas de calidade que garantan o control de procesos e programas, de ser o caso.

c) O certificado de estar sometido a auditoría externa de contas, de ser o caso.

d) O plan de igualdade actualizado, de ser o caso.

e) O documento dos compromisos de execución asumidos por cada membro e importe da subvención que se aplica a cada un, no caso das agrupacións sen personalidade xurídica segundo o modelo do anexo VI.

f) O documento específico para valoración das entidades (anexo V).

g) Estatutos debidamente dilixenciados.

2. No caso de solicitar subvención para programas das liñas II, III, IV ou V ademais da documentación especificada no punto 1 do presente artigo, deberán achegar unha memoria explicativa por cada programa respecto dos que se solicita subvención, segundo o modelo do anexo III . Ademais, deberán achegar o plan de formación de profesionais e mais o plan de comunicación do programa, de ser o caso.

3. No caso de solicitar axudas para programas da liña I, ademais da documentación especificada no punto 1 do presente artigo, deberán achegar:

a) Memoria do investimento segundo o modelo do anexo IV.

b) A seguinte documentación dependendo do tipo de proxecto presentado:

1. Proxectos de investimento para a realización de obras de reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación para a prestación de servizos de atención a persoas con trastornos mentais e/ou adictivos e proxectos de investimento para a realización de obras de conservación e mantemento de centros e servizos de atención a persoas con trastornos mentais e/ou adictivos (liña 1 letras a ou b):



1.1º. Certificado do Rexistro da Propiedade que acredite que o inmovible onde se realizan as obras é propiedade da entidade ou contrato de alugamento ou cesión e autorización da persoa propietaria no caso de que a obra se realice nun local alugado ou cedido.

1.2º. Planos de actuación.

1.3º. Anteproxecto orzado ou proxecto de obras, axustado á normativa vixente e coas especificacións técnicas e arquitectónicas axeitadas ás persoas usuarias do centro. Cando se trate de obras de menor contía (conservación e reparación de menor contía) deberá presentarse, no seu lugar, orzamento detallado e memoria asinada polo/a contratista.

1.4º. O informe sobre a viabilidade urbanística e a acreditación da posibilidade legal de obter as licenzas e os permisos necesarios.

Cando o custo da obra sexa superior aos 40.000,00 €, deberán achegarse como mínimo tres ofertas distintas de provedores distintos, e deberase xustificar a elección dunha destas, de acordo co artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Proxectos de adquisición de subministracións, equipamento e vehículos que faciliten a prestación de servizos a persoas con trastornos mentais e adictivos (liña 1 letra c).

2.1º. O orzamento da empresa subministradora, con indicación do custo por unidade e do importe total das adquisicións que se pretenden realizar. Cando o custo sexa superior aos 15.000,00 €, deberán achegarse como mínimo tres ofertas distintas de provedores distintos, e deberase xustificar a elección dunha destas, de acordo co artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada. De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.



4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se vai presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) O NIF da entidade solicitante.
- b) O DNI ou NIE da persoa representante.
- c) O certificado sobre cumprimento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.



d) O certificado sobre cumprimento de obrigas coa Seguridade Social.

e) O certificado sobre cumprimento de obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

f) Consulta de concesión de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente (anexo II) e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da entidade interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás entidades interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 12. *Instrución do procedemento*

1. O procedemento que se seguirá na tramitación e instrución dos expedientes de concesión das subvencións será o de concorrencia competitiva, de acordo co artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, coas concrecións que se establecen nos parágrafos seguintes.

2. O órgano instrutor do procedemento será a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde. A Subdirección Xeral de Atención Primaria, a través do Servizo de Saúde Mental realizará, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación de datos que deben motivar a proposta de resolución.

3. Se se comproba que non cumpre os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación obrigatoria que debe presentarse contén erros ou é insuficiente, faráselle un



único requirimento á entidade solicitante para que, no prazo de dez días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer nun prazo de dez días hábiles, considerarase que desistiu da súa solicitude, logo da resolución que así o declare, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Transcorrido o prazo de emenda e determinadas aquelas solicitudes que se admiten por reuniren os requisitos exixidos nesta orde, estas serán sometidas aos criterios obxectivos de valoración das entidades solicitantes que se relacionan no número 1 do artigo 14.

5. Durante a instrución do procedemento, constituirase como órgano colexiado unha Comisión de Valoración que examinará as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos de valoración dos programas establecidos no número 2 do artigo 14.

Esta Comisión de Valoración será a encargada de emitir o informe en que se concrete o resultado final da avaliación das solicitudes efectuada conforme os dous tipos de criterios citados, de conformidade co parágrafo segundo do artigo 21.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

6. A Comisión de Valoración comunicará este informe ao órgano instrutor que formulará a proposta de resolución e a elevará ao órgano competente para resolver.

Artigo 13. *Comisión de Valoración*

1. A Comisión estará integrada polos seguintes membros:

a) A persoa titular da Subdirección Xeral de Atención Primaria que exercerá a presidencia. De ser o caso, será substituída pola persoa titular da Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e Innovación.

b) A persoa que desempeñe a xefatura do Servizo de Saúde Mental. De ser o caso, será substituída pola persoa que desempeñe a xefatura do Servizo de Coordinación Sociosanitaria.

c) Dúas persoas de entre o persoal técnico do Servizo de Saúde Mental asumindo unha delas a secretaría. De ser o caso, serán substituídos por persoal técnico do Servizo de Coordinación Sociosanitaria.

No caso de ausencia dalgunha das persoas que a integran, serán substituídas polas persoas designadas pola persoa que exerza a presidencia.



A Comisión de Valoración poderá solicitar a presenza de persoas asesoras e técnicas expertas na materia que se vai tratar, que non terán a condición de membros da Comisión.

Na composición da Comisión de Valoración procurarase acadar una presenza equilibrada de homes e mulleres.

2. A orde de prelación para a concesión das subvencións determinarase en función da puntuación obtida por valoración dos criterios establecidos no artigo 14. Non se poderá conceder subvención ás solicitudes que non obteñan unha puntuación mínima global de 45 puntos.

Para a determinación do importe da axuda que corresponde a cada un dos programas que superen o limiar de puntuación mínima previsto no punto anterior procederase do seguinte modo:

1. Dentro de cada unha das liñas de actuación, ordenaranse os programas segundo a puntuación total acadada, de maior a menor.

2. A Comisión de Valoración determinará cal é o orzamento subvencionable de cada programa. Este será igual á axuda solicitada coa exclusión daqueles gastos que non sexan elixibles ou que non sexan estritamente necesarios para acadar a finalidade da subvención.

a) No caso da liña I e V.

1º. Irase asignando seguindo a orde de prelación o importe subvencionable a cada un dos proxectos que superaron o limiar mínimo ata o esgotamento do crédito.

2º. No caso de que se produza excedente na liña, este quedaría sen asignar.

b) No caso das restantes liñas:

1º. Dividirase o crédito orzamentario dispoñible na liña entre o total de puntos dos proxectos que superen o limiar de puntuación mínima, así obterase o valor en euros de cada punto. A contía que se asignará a cada proxecto obterase de multiplicar o valor en euros de cada punto polos puntos obtidos por cada proxecto.

2º. No caso de que, tras a realización da repartición, quede crédito dispoñible na liña, reasignarase calculando un novo euro/punto con base na suma das puntuacións destes



proxectos que aínda non acadaron o 100 % da contía solicitada e o resto orzamentario dispoñible.

3º. Se, finalizadas estas operacións, seguise existindo algún resto orzamentario na liña, volvería a repartirse de acordo coa metodoloxía expresada neste parágrafo ata que este resto se esgote ou que todos os proxectos que superaron o limiar mínimo de puntuación teñan asignado o 100 % solicitado.

4º. De darse o caso de que todos os proxectos dunha liña acaden o 100 % solicitado e aínda quede resto orzamentario por repartir nesa liña, este resto sumaríase integramente á cantidade para repartir na liña seguinte seguindo a orde II-III-IV-II.

Artigo 14. *Criterios de valoración*

Para a adxudicación das subvencións teranse en conta os criterios obxectivos de valoración das entidades solicitantes e dos programas, e a ponderación deles segundo a seguinte relación:

1. Criterios obxectivos de valoración das entidades solicitantes (máximo 32 puntos):

a) A implantación (máximo de 5 puntos): valorarase o maior ámbito territorial das actuacións e programas realizados pola entidade no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia nos últimos dous anos. Para estes efectos, a entidade deberá acreditar a titularidade dun centro ou dispositivo en que desenvolver presencialmente a súa actividade:

1º. Ás entidades que desenvolvan actuacións en dúas provincias: 3 puntos.

2º. Ás entidades que desenvolvan actuacións en tres provincias: 4 puntos.

3º. Ás entidades que desenvolvan actuacións nas catro provincias: 5 puntos.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta o seu ámbito territorial.

Entenderase que a entidade desenvolve actuacións nunha provincia cando o lugar físico en que desenvolve a actividade se localiza nesa provincia.

b) A experiencia na xestión e execución de programas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia: (máximo 10 puntos): valorarase a especialización e experiencia na



xestión e execución de programas en materia de saúde mental e de adicións de similar natureza aos programas para os que solicita subvención nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria. Para estes efectos, outorgaranse:

- 1º. Ás entidades que teñan unha experiencia dun ano: 5 puntos.
- 2º. Ás entidades que teñan unha experiencia de dous anos: 6 puntos.
- 3º. Ás entidades que teñan unha experiencia de tres anos: 7 puntos.
- 4º. Ás entidades que teñan unha experiencia de catro anos: 8 puntos.
- 5º. Ás entidades que teñan unha experiencia de cinco anos: 10 puntos.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a experiencia da propia confederación, federación ou agrupación, ou a das entidades que a integren, tendo en conta, neste último caso, que para acadar a puntuación anterior deben contar coa experiencia exixida en cada un dos tramos anteriores un mínimo do 20 % das entidades integrantes.

c) A calidade na xestión da entidade (máximo de 3 puntos): valorarase con 3 puntos ás entidades que contan con certificados de calidade en vigor con base na norma ONG con calidade, ISO 9001:2015, EFQM ou outros sistemas de calidade que garantan o control de procesos e programas. Soamente se valorará no caso de acreditarlo documentalmente.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, a puntuación outorgase de acordo co seguinte criterio:

- 1º. Máis do 30 % e ata o 50 % das entidades contan co certificado: 1 punto.
- 2º. Máis do 50 % e ata o 70 % das entidades contan co certificado: 2 puntos.
- 3º. Máis do 70 % das entidades contan co certificado: 3 puntos.

d) A auditoría externa (máximo de 3 puntos): valorarase con 3 puntos á entidade que conte con auditoría externa de contas. Soamente se valorará no caso de acreditarlo documentalmente.



No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, a puntuación outorgase de acordo co seguinte criterio:

1º. Máis do 30 % e ata o 50 % das entidades están sometidas a auditoría: 1 punto.

2º. Máis do 50 % e ata o 70 % das entidades están sometidas a auditoría: 2 puntos.

3º. Máis do 70 % das entidades están sometidas a auditoría: 3 puntos.

e) O financiamento obtido doutras institucións (máximo de 1 punto): valorarase o volume de ingresos procedente do financiamento obtido doutras entidades públicas ou privadas, de acordo cos seguintes tramos:

1º. 0,5 puntos ás entidades con, cando menos, o 5 % e ata o 10 % do seu orzamento obtido con financiamento alleo.

2º. 1 punto ás entidades con máis do 10 % do seu orzamento obtido con financiamento alleo.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a porcentaxe de financiamento obtido por todas as entidades que a integran respecto do orzamento total de todas elas.

f) A adecuación de recursos humanos (máximo de 10 puntos): valorarase o persoal contratado pola entidade solicitante no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme os seguintes criterios:

1º. O volume de recursos humanos: valorarase o número de persoal contratado pola entidade solicitante no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia:

a. De 3 e ata 10 persoas traballadoras: 1 puntos.

b. Máis de 10 e ata 50 persoas traballadoras: 2 puntos.

c. Máis de 50 persoas traballadoras: 4 puntos.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta o número total de persoas traballadoras de todas as entidades que as integran.



2º. A proporción do persoal asalariado con contrato indefinido da entidade.

- a. Ata o 50 %: 1 punto.
- b. Máis do 50 % e ata o 70 %: 2 puntos.
- c. Máis do 70 %: 3 puntos.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a porcentaxe de contratos indefinidos de todas as entidades en relación co cadro de persoal laboral de todas elas.

3º. A proporción do emprego de persoas con discapacidade en relación co número total de persoas remuneradas.

- a. Desde o 2 % ata o 10%: 0,5 puntos.
- b. Máis do 10 % e ata o 20 %: 0,75 puntos.
- c. Máis do 20 %: 1 punto.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a porcentaxe de persoas con discapacidade contratadas por todas as entidades en relación co cadro de persoal laboral de todas elas.

4º. O emprego de mulleres vítimas de violencia de xénero que non estean en situación ou risco de exclusión social conforme o artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: outorgarase 1 punto ás entidades que teñan contratada, cando menos, unha persoa que se atope nas circunstancias indicadas.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, a puntuación outorgarase de acordo co seguinte criterio:

- a. Máis do 30 % e ata o 50 % das entidades contan cunha muller vítima de violencia de xénero: 0,50 puntos.
- b. Máis do 50 % e ata o 70 % das entidades contan cunha muller vítima de violencia de xénero: 0,75 puntos.



c. Máis do 70 % das entidades contan cunha muller vítima de violencia de xénero: 1 punto.

5º. A existencia nas entidades de plans de igualdade nos termos previstos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, e no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, que recollan entre outras medidas o fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral valorarase con 1 punto. Soamente se valorará no caso de acreditalo documentalmente.

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, a puntuación outorgarase de acordo co seguinte criterio:

- a. Máis do 30 % e ata o 50 % das entidades contan con plan de igualdade: 0,50 puntos.
- b. Máis do 50 % e ata o 70 % das entidades contan con plan de igualdade: 0,75 puntos.
- c. Máis do 70 % das entidades contan con plan de igualdade: 1 punto.

2. Criterios de valoración dos programas:

No caso de programas da liña I, a baremación dos programas constará de ata 53 puntos desagregados do seguinte xeito:

- a) Tipo de investimento: ata 10 puntos.

1º. Proxectos de investimento para a realización de obras de conservación e mantemento de centros e servizos de atención a persoas con trastorno mental e adiccións: 3 puntos.

2º. Proxectos de investimento para a realización de obras de reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación para a prestación de servizos de atención a persoas con trastorno mental e adiccións: 5 puntos.

3º. A adquisición de subministracións, equipamentos e vehículos que faciliten a prestación de servizos a persoas con trastorno mental e adiccións.

- 3º.1. Se a adquisición favorece a teleasistencia e atención domiciliaria: 10 puntos.



3º.2. Para calquera outra adquisición deste tipo: 3 puntos.

b) Necesidade da actuación para a que se solicita a subvención. Máximo 15 puntos. Valorarase a necesidade da actuación para a que se solicita subvención, conforme o seguinte:

1º. Está xustificada a necesidade de acometela, aínda que esta non supón unha necesidade para o desenvolvemento das actividades habituais do centro e intervención coas persoas usuarias: 5 puntos.

2º. Está xustificada a necesidade de acometela e esta supón unha necesidade para o desenvolvemento das actividades habituais do centro e intervención coas usuarias: 15 puntos.

c) Urgencia da actuación para a que se solicita a subvención. Máximo 15 puntos.

Valorarase a urgencia no desenvolvemento da actuación para a que solicita subvención, conforme o seguinte:

1º. A actuación pretende emendar unha deficiencia que non supón ou pode non supoñer un perigo para a seguridade das persoas usuarias do centro: 5 puntos.

2º. A actuación supón a posta en funcionamento dun novo recurso ou programa nunha localidade en que existe unha demanda emerxente: 10 puntos.

3º. A actuación pretende emendar unha deficiencia sobrevida que supón ou pode supoñer un perigo para a seguridade das persoas usuarias do centro e daría lugar ao cesamento da actividade: 15 puntos.

d) Tipo de actuación. Máximo 4 puntos. Valorarase se a actuación para a que se solicita subvención dá lugar a unha mellora das condicións de accesibilidade universal, conforme o seguinte:

1º. Implica unha mellora das condicións de accesibilidade física conforme a normativa de accesibilidade: 1 punto.

2º. Implica unha mellora das condicións de accesibilidade física conforme a normativa de accesibilidade e ademais inclúe mellora de accesibilidade sensorial e/ou cognitivas: 2 puntos.



3º. Implica unha mellora nas condicións de accesibilidade universal á atención mediante a atención telemática e/ou domiciliaria: 4 puntos.

e) Tipoloxía do centro a que se vai dedicar a subvención. Máximo 4 puntos. Valorarase a tipoloxía de centro para o que se solicita a subvención nos seguintes termos:

1º. Centros ou servizos de atención destes destinados a dependencias administrativas: 1 punto.

2º. Centros ou servizos de atención destes destinados a dependencias administrativas de atención ao público: 2 puntos.

3º. Centros ou servizos de atención ás persoas usuarias de carácter non administrativo que non teñan a consideración de centros de intervención social ou espazos residenciais: 2 puntos.

4º. Centros sanitarios que non sexan de carácter residencial: 3 puntos.

5º. Centros sanitarios de carácter residencial (atención 24 horas): 4 puntos.

f) Incremento da capacidade de atención do centro tras a realización da actuación para a que se solicita a subvención (máximo 5 puntos). Valorarase o incremento na capacidade de atención do centro tras a actuación para a que se solicita a subvención.

1º. Implica un incremento da capacidade de atención do centro superior ao 10 % e inferior ao 30 %: 3 puntos.

2º. Implica un incremento da capacidade de atención do centro superior ao 30 %: 5 puntos.

No caso de programas da liñas II, III, IV e V:

A baremación dos programas constará de ata 53 puntos, e será preciso obter un mínimo de 25 puntos. A desagregación será a seguinte:

a) A fundamentación teórica e pertinencia do programa (máximo 5 puntos). Xustificarase a necesidade do programa para a poboación albo nese contexto dado, achegando datos para fundamentar os estudos ou evidencias científicas e bibliográficas que avalen o modelo de intervención proposto.



b) A proposta metodolóxica para o desenvolvemento do programa incluíndo os obxectivos xerais e específicos que se pretende acadar. Avaliaranse a claridade e concisión na descrición das fases do proceso de traballo para a consecución dos obxectivos e o nivel de detalle da metodoloxía (máximo 6 puntos).

c) A descrición dos criterios de inclusión no programa (máximo 3 puntos). Valorarase a descrición detallada dos colectivos incluídos tendo en conta as seguintes dimensións: equidade (ofrecendo igual atención a igual necesidade) e accesibilidade (reducindo barreiras xeográficas, tempos de resposta ou de espera), así como a estimación de persoas beneficiarias directas e indirectas, indicando o método empregado para realizar esta estimación.

d) O concello ou concellos onde se desenvolverá o programa (entendendo como tal o lugar onde se desenvolven as actividades, non a residencia efectiva das persoas beneficiarias) conforme a seguinte escala: (máximo 3 puntos):

Dous concellos: 1 punto.

Tres a catro concellos: 2 puntos.

Cinco ou máis concellos: 3 puntos.

e) Dispersión xeográfica: (máximo 1 punto) no caso de que os programas se desenvolvan en áreas rurais e/ou áreas rurais de elevada dispersión de acordo co Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento:

1º. Se o 50 % dos concellos en que se desenvolve o programa sitos en área rural: 0,5 puntos.

2º. Se o 50 % dos concellos en que se desenvolve o programa sitos en área rural de elevada dispersión: 1 punto.

f) Poboación obxecto do programa. Valorarase con 6 puntos que o programa estea dirixido exclusivamente a nenas/nenos, adolescentes, mulleres ou maiores.

g) Distribución horaria da actividade. Valorarase con ata 3 puntos a distribución do horario do programa segundo os seguintes criterios non excluíntes entre si:

1º. Se a actividade se realiza todos os días laborais: 1 punto.



2º. Se a actividade ten horario tamén pola tarde e esta supón polo menos un 20 % do seu horario total semanal: 1 punto.

3º. Se a actividade se realiza tamén os fins de semana: 1 punto.

h) Adecuación dos recursos humanos: máximo 5 puntos.

No referente á persoa responsable ou coordinadora do programa:

1º. Se a persoa responsable do programa é unha persoa titulada superior en ciencias de saúde (de xeito acorde á tipoloxía do programa) vinculada contractualmente coa entidade: 2 puntos.

2º. Se a persoa responsable do programa é unha persoa titulada superior en ciencias de saúde (de xeito acorde á tipoloxía do programa) pero non vinculada contractualmente coa entidade: 1 punto.

3º. Se a persoa responsable do programa é unha persoa titulada media: 0,5 puntos.

No referente ao resto do persoal vinculado ao programa, empregaranse os seguintes criterios excluínates entre si:

1º. Se polo menos o 50 % do persoal vinculado ao programa é titulado superior: 3 puntos.

2º. Se polo menos o 50 % do persoal vinculado ao programa é titulado medio: 2 puntos.

i) Adecuación dos medios materiais: ata 6 puntos, segundo estes criterios non excluínates entre si:

1º. Se dispoñen dun centro propio para a execución da actividade, entendendo como centro propio aquel xestionado directamente pola entidade (xa sexa da súa propiedade ou mediante contrato de cesión ou alugamento): 3 puntos.

2º. Se poñen un servizo de transporte propio á disposición da persoa usuaria dos servizos que presta a entidade no marco do programa ou programas propostos: 2 puntos.

3º. Se realizan a actividade utilizando tecnoloxías que permitan a atención telemática á persoa usuaria: 1 punto.



j) Existencia de plan de formación de profesionais. A entidade deberá contar cunha programación das actividades formativas destinadas a mellorar a capacitación e os coñecementos teórico-prácticos que realizarán as persoas profesionais durante o período de execución do programa. Soamente se puntuará no caso de acreditación documental. Valorarase cun máximo de 2 puntos a existencia de plans de formación dos profesionais, tendo en conta os contidos, extensión e adecuación destes.

k) Existencia de actividades de divulgación e plan de comunicación do programa. A entidade deberá contar cunha programación das actividades orientadas a dar a coñecer a actividade que está a desenvolver á cidadanía xeral e ao colectivo de potenciais persoas beneficiarias no ámbito da súa competencia; incluírase a relación de acción de publicidade, publicacións, difusión ou comunicación pública que se prevé levar a cabo, destinadas a mellorar a capacitación e os coñecementos teórico-prácticos que realizarán os profesionais durante o período de execución do programa. Soamente se puntuará no caso de acreditación documental (máximo 3 puntos), segundo estes criterios non excluíntes entre si:

1º. Accións comunitarias (charlas divulgativas á cidadanía, obradoiros): 1 punto.

2º. Accións en redes sociais (divulgación do programa a través de páxinas web ou outras canles web): 1 punto.

3º. Accións nos medios de comunicación (difusión en prensa, radio, televisión): 1 punto.

l) A adecuación da proposta de indicadores de proceso e resultado definidos para a avaliación do programa (máximo 6 puntos). Valoraranse os dedicados a medir aspectos relacionados co grao de satisfacción da persoa usuaria, congruencia, continuidade da intervención, repercusión do desenvolvemento do programa no colectivo destinatario, estimación das intervencións realizadas.

m) A innovación. Valoraranse os programas innovadores, especialmente cando se dirixan a atender necesidades emerxentes non cubertas (que acheguen solucións eficaces e adaptativas á evolución da enfermidade ou problemática dada) ou cando incorporen novas tecnoloxías (que engadan de calidade na atención co mesmo custo) (máximo 4 puntos).

Artigo 15. *Reformulación das solicitudes*

Cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ao que figura na solicitude presentada, poderase instar a entidade proposta como beneficiaria



á reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención outorgable.

No caso de que se inste a entidade para que faga unha reformulación do programa, a entidade deberá achegar, no prazo de dez días naturais, unha solicitude de reformulación, aceptación ou desistencia da subvención (anexo VII), que deberá dirixir á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Se no prazo indicado no parágrafo anterior a entidade instada non achega a solicitude, a Subdirección de Atención Primaria realizará proposta de subvención a favor da ou das entidades solicitantes seguintes en orde da puntuación dos programas, sempre que o crédito resulte suficiente.

Unha vez que a solicitude conte coa conformidade da Comisión de Valoración, remitiráselle o actuado ao órgano competente para que dite a nova proposta de resolución.

En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos respecto das solicitudes ou peticións. Así mesmo, a dita reformulación non poderá comprometer a viabilidade do programa, polo que se deberán manter os gastos necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

Artigo 16. *Resolución*

1. As resolucións que procedan ao abeiro desta orde serán ditadas pola persoa titular da Consellería de Sanidade, a quen lle corresponde a presidencia do Servizo Galego de Saúde, por proposta da persoa titular da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, segundo o previsto no artigo 12.

2. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de tres meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). Se transcorre o dito prazo sen que recaia resolución expresa, poderá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 17. *Publicidade*

Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos administrativos e as correspondentes resolucións deste procedemento. Esta publicación producirá os efectos de notificación.



Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Sanidade.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, transmitírase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, todo iso nos termos establecidos no Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de datos nacional de subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Artigo 18. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Artigo 19. *Aceptación e renuncia*

1. Notificada a resolución de concesión, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días (10) hábiles a súa aceptación, comprometéndose a executar a acción subvencionada nas condicións establecidas na presente convocatoria. No caso de non comunicar o dito aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

2. A renuncia á subvención poderase formular por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co que establece o artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Os importes que, se é o caso, resultaren sobrantes por causa de renuncia poderán destinarse ao outorgamento de máis subvencións segundo o determinado no artigo 13.2.

Artigo 20. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, as entidades beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 21. *Réxime de recursos*

1. A resolución do procedemento pon fin á vía administrativa, e contra ela as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ante a persoa titular da Consellería de Sanidade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución á entidade.

2. Igualmente, procederá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, se a resolución é expresa; se non for así, o prazo será de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.



3. De presentarse recurso potestativo de reposición, non se poderá acudir á vía contencioso-administrativa ata que este sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Artigo 22. Modificación da resolución de concesión

1. De acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas ou subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Así mesmo, segundo o previsto no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, unha vez recaída a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se respecte a actuación subvencionable e non dea lugar á execución deficiente e/ou incompleta. Será de aplicación o seguinte:

a) A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade e a esta xuntarse:

1º. A memoria xustificativa.

2º. A relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

3º. O orzamento modificado, se é o caso.

b) Poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiras persoas.

c) Non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

d) Cando implique modificación do importe total concedido, tramitarase conxuntamente coa do expediente de gasto.

3. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado pola persoa titular da Consellería de Sanidade por proposta da persoa titular da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, logo da correspondente tramitación e, se é o caso, con audiencia da entidade interesada.



4. Cando a entidade beneficiaria da subvención poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non afecten esencialmente a natureza ou os obxectivos da subvención, e que puidesen ter dado lugar á modificación da resolución téndose omitido o trámite de autorización administrativa previa, o órgano concedente poderá aceptar a xustificación presentada, sempre que tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiras persoas.

Esta aceptación polo órgano concedente non exige a entidade beneficiaria das sancións que poidan corresponderlle de conformidade coa citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

5. A Administración poderá rectificar, de oficio, a resolución cando dos elementos que figuren nela se deduza a existencia de erro material, de feito ou aritmético.

Artigo 23. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as entidades beneficiarias das axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán obrigadas a:

a) Executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e cumprir o seu obxectivo.

b) Comunicar as variacións das datas de inicio e remate das actuacións previstas na solicitude, así como as variacións no cadro de persoal que realiza o programa.

c) Solicitar, de ser o caso, á Dirección Xeral Asistencia Sanitaria a autorización das modificacións que afecten as actuacións subvencionadas cunha antelación de cinco días respecto á data en que se produzan.

d) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, de acordo co establecido no artigo 25.

e) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, destinar os ditos bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante



un prazo que non pode ser inferior a cinco anos no caso de bens susceptibles de inscrición nun rexistro público nin a dous anos para o resto de bens. O incumprimento deste requisito dará lugar á revogación da subvención, co reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención.

g) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

h) Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

i) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e achegar tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

j) Incorporar de forma visible no material de difusión dos programas subvencionados o seu financiamento público.

k) Ter subscriba unha póliza de seguro de accidentes e de enfermidade e de responsabilidade civil a favor do persoal voluntario que participe nos programas subvencionados conforme o previsto nos artigos 7 letra g) e 11 letra i) da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

l) Cumprir coa obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

m) Calquera outra obriga imposta ás entidades beneficiarias na normativa estatal ou autonómica aplicable, así como nesta orde.



2. Os servizos da Consellería de Sanidade poderán efectuar as comprobacións que consideren oportunas en canto ao cumprimento por parte das entidades dos requisitos exixidos.

Artigo 24. *Pagamento*

Os pagamentos correspondentes realizaranse de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 63.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e faranse efectivos do seguinte xeito:

Realizarase un único pagamento anticipado, por importe equivalente ao 100 % da contía outorgada.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada unha vez ditada a resolución de concesión, tras a aceptación da subvención concedida e declaración doutras axudas debidamente cuberta.

De acordo co artigo 65.4.h) do citado decreto, os pagamentos anticipados quedan exonerados da constitución de garantía.

Artigo 25. *Xustificación*

A xustificación terá como data límite o 28 de febreiro de 2024 e incluírá a relación dos gastos executados e correspondentes ás actividades desenvolvidas entre o 1 de xaneiro de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

Deberá xustificarse o 100 % do importe orzado na solicitude sen prexuízo das posibles modificacións efectuadas segundo o artigo 22, para obter o 100 % da subvención concedida.

No caso de xustificar unha contía inferior, o pagamento reducirase proporcionalmente ao custo efectivamente xustificado, e a entidade terá que reintegrar total ou parcialmente a contía recibida no pagamento anticipado.

Os programas que resulten beneficiarios por un importe superior ou igual a 30.000,00 € ou cun custo total de programa que supere os 200.000,00 € independentemente da contía subvencionada, deberán realizar a xustificación a través de conta xustificativa con a chegada de informe de auditoría, de acordo co regulado no artigo 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No caso contrario, poderán optar por esta modalidade ou pola de conta xus-



tificativa con entrega de xustificantes de gasto, segundo o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En ambos os casos deberase presentar:

a) Memoria xustificativa da actuación subvencionada asinada polo representante da entidade, que certificará a veracidade do consignado.

Especificará co máximo detalle as actividades realizadas e os resultados obtidos, así como a súa relación directa cos gastos realizados na execución dos programas financiados que se imputen á subvención, conforme a desagregación orzamentaria establecida. A memoria deberá ter os puntos indicados no anexo X.

b) Memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:

– Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento segundo o modelo do anexo VIII.

Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade do programa subvencionado con estas axudas, indicárase a contía exacta daquel que resulte afectado por el.

O anexo deberá ser asinado, en todo caso, polo representante legal da entidade.

– O certificado dos gastos realizados segundo anexo IX.

– Detalle coas desviacións acaecidas na execución do proxecto respecto do orzamento aprobado.

– Declaración doutras axudas e ingresos recibidos para o mesmo programa e contía destas.

A memoria económica deberá abarcar a totalidade dos gastos incorridos na realización das actividades subvencionadas.

No caso de realizar a xustificación mediante informe de auditoría a xustificación deberá incluír, ademais, informe dun/dunha auditor/a de contas inscrito no Rexistro Oficial



de Auditores de Contas, dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, para cuxa comprobación se entregará xunto coa documentación xustificativa certificación rexistral de tal aspecto.

A auditoría realizarase de acordo co establecido na Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, pola que se aproba a norma de actuación dos auditores de contas na realización dos traballos de revisión de contas xustificativas de subvencións, no ámbito do sector público estatal, previstos no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A presentación da auditoría como forma xustificativa do gasto non exime a entidade beneficiaria da subvención do mantemento do soporte documental de acordo cos prazos estipulados pola lei.

A Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria poderá solicitar a documentación soporte da auditoría, de acordo co establecido nesta orde.

Unha vez finalizada a revisión da conta xustificativa, a persoa que asine a auditoría deberá emitir un informe en que detallará os procedementos de revisión levados a cabo e o seu alcance, o sistema de mostraxe empregada, o número de elementos e o importe da mostra analizados respecto do total e porcentaxe de deficiencias advertida respecto da mostra analizada e contía dos gastos afectados.

O informe deberá incluír a listaxe dos xustificantes de gastos da totalidade do proxecto, selada e asinada polo/a auditor/a.

O informe mencionará se a entidade beneficiaria facilitou canta información lle solicitou o/a auditor/a para realizar o traballo de revisión. No caso de que a entidade beneficiaria non facilite a totalidade da información solicitada, mencionarse tal circunstancia con indicación da información omitida.

O informe referirase ao resultado das comprobacións realizadas, mencionando os feitos observados que puidesen supor un incumprimento por parte da entidade beneficiaria da normativa aplicable ou das condicións impostas para a percepción da subvención, debendo proporcionar a información co suficiente detalle e precisión para que o órgano xestor poida concluír respecto diso.



En todo caso, a verificación que debe realizar a auditoría de contas terá o seguinte alcance:

a) O cumprimento por parte das entidades beneficiarias das obrigacións establecidas nesta orde e no resto da normativa que lle é de aplicación na xestión e aplicación da subvención.

b) A adecuada e correcta xustificación da subvención por parte das entidades beneficiarias tendo en conta a documentación complementaria que lle debe ser achegada segundo o artigo 26, e os gastos subvencionables determinados no artigo 5 desta orde.

c) Mención expresa á técnica de mostraxe empregada na revisión.

d) A realidade e a regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polas entidades, foron financiadas coa subvención.

e) Enumeración das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, coidando que non exista sobrefinanciamento das actividades.

f) Coherencia da memoria de actuación cos documentos de xustificación económica. Se existe desviación respecto ao orzamento aprobado cuberto na memoria explicativa achegada no inicio da tramitación, engadir explicación das desviacións.

g) Mención ao grado de cumprimento do obxecto da orde.

h) Mención ao cumprimento das obrigas establecidas no artigo 23.

i) Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, copias, captura de pantallas) do cumprimento do deber de información e do financiamento público da acción subvencionada.

Se a entidade beneficiaria está obrigada a auditar as súas contas anuais por un/una auditor/a de conformidade coa Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, a revisión da conta xustificativa levaraa a cabo o/a mesmo/a auditor/a.

No caso contrario, a designación do auditor será realizada polo propia entidade beneficiaria e terá condición de gasto subvencionable ata o límite indicado no artigo 5.3 desta orde.



Considéranse gastos subvencionables os recollidos no artigo 5.

A documentación xustificativa dos gastos presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica <https://sede.xunta.gal>, e dirixirse á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Artigo 26. Documentación complementaria dos xustificantes de gasto

Na conta xustificativa que a entidade beneficiaria proporcione ao/á auditor/a no caso de xustificar mediante a modalidade de informe de auditoría, ou na que proporcione á Dirección Xeral de Asistencia sanitaria no caso de xustificar mediante conta xustificativa, deben figurar, ademais das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente que figuren na conta xustificativa, a seguinte documentación segundo o tipo de gasto de que se trate:

1. Gastos correntes.

1.a) Gastos de persoal: deberá achegarse, xunto coas nóminas correspondentes e os seus xustificantes bancarios de pagamento:

– TC1: recibo de liquidación de cotizacións de cada mes do cal se imputen nóminas.

– TC2: relación nominal de traballadores/as de cada mes do cal se imputen nóminas.

– Xustificante de pagamento mensual da Seguridade Social e modelo 111 trimestral xunto cos seus xustificantes de pagamento, sen prexuízo do indicado no artigo 5.1.b).

No caso das pagas extraordinarias, poderase imputar a parte proporcional dos meses e horas imputadas desas nóminas ás actividades do programa.

1.b) Gastos de viaxe: deberán ir acompañados de certificación do presidente en que se especifique quen realizou a viaxe e a necesidade do desprazamento dentro dos fins do proxecto, así como achegar todos os recibos e billetes do medio empregado.

1.c) Gastos de alugamento: ademais da factura e o xustificante bancario de pagamento, deberá achegarse:

– Copia do contrato de alugamento.

– Modelos 115 e 180 xunto co seu correspondente xustificante bancario de pagamento.



1.d) Gastos de arrendamento de servizos:

– Copia do contrato en que deberá reflectirse a categoría profesional, o período de prestación de servizos e as horas de intervención no programa.

– Certificado do representante legal da entidade en que se aclaren as razóns excepcionais polas que o programa non se pode desenvolver mediante persoal propio.

– Factura que inclúa:

Nome, apelidos e NIF da persoa traballadora, data e período de liquidación.

Retención por IRPF.

IVE aplicado, se procede.

– Impresos 111 e 190 de ingresos por retencións de IRPF e xustificante bancario de pagamento que debe mostrar en que data se fixo o cargo na conta.

– Copia do modelo 036 de declaración censual de alta.

1.e) Gastos derivados da realización de auditoría de contas:

– Contrato en que figuren os honorarios e horas estimadas.

– Factura e documento acreditativo de pagamentos.

1.f) Nos gastos derivados da calidade dos programas:

Se o proceso se efectúa por persoal da propia entidade, os mesmos documentos exixidos para o persoal con contrato laboral. Imputaranse entón á partida de persoal.

Se o proceso se efectúa unha empresa:

– Contrato en que figuren horas estimadas e honorarios.

– Facturas e documentos acreditativos de pagamento.



1.g) Nos casos de subcontratación doutras empresas.

– Declaración responsable da persoa representante legal da entidade subcontratada de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. Gastos de investimento.

O orzamento achegado nos casos de gastos inferiores a 40.000,00 € nos supostos de execución de obras ou a 15.000,00 € nos supostos de subministracións, equipamentos e vehículos, ou o orzamento escollido no caso de gastos por importes superiores aos sinalados, vinculará a entidade con respecto ao/á contratista no material e contías que figure neste.

2.1. Gastos de obras.

– Contrato de execución de obra co/coa contratista.

– Modelo de declaración trimestral do ingreso do IVE soportado pola entidade respecto ás facturas ou certificacións de obra imputadas, de conformidade coa Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude.

– Certificación de obra ou factura detallada, expedida pola empresa ou contratista que realizou a obra.

– Certificado final de obra do técnico e visado polo colexio profesional correspondente, referido ao ano de finalización da obra.

– Certificación expedida polo representante da entidade subvencionada onde se faga constar a realización da obra.

2.2. Gastos de equipamentos, subministracións ou vehículos.

– Factura da empresa subministradora, coa indicación das unidades subministradas, prezo unitario e importe total da adquisición realizada.

– Certificación do representante da entidade subvencionada en que conste a recepción do adquirido e a súa conformidade.



Non se poderán achegar como xustificantes de gasto os albarás, notas de entrega nin facturas *pro forma*.

Artigo 27. Incumprimento, reintegro, infraccións e sancións

1. Ás entidades beneficiarias das subvencións recollidas na presente orde, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O incumprimento das obrigas contidas nesta orde ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Para estes efectos, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento e en función do seguinte:

a) O incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención: reintegro do 100 % da axuda concedida.

b) O incumprimento da obriga de xustificar o pagamento nos termos establecidos no artigo 24 desta orde: reintegro do 2 % da axuda concedida no caso de que o atraso na presentación sexa de ata 10 días, do 10 % no caso de que o atraso sexa superior a 10 días e inferior a 20 días, e do 100 % da axuda concedida no caso de que o atraso na presentación sexa igual ou superior a 20 días.

c) Non dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento nos termos establecidos na letra j) do artigo 23: reintegro do 2 % da axuda concedida.

d) A aplicación da subvención a conceptos de gasto e a ámbitos territoriais doutras comunidades autónomas ou a programas diferentes aos que figuran na solicitude: reintegro do 100 % da axuda concedida.

e) O incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos supostos establecidos no artigo 33 desa mesma lei e/ou calquera outro que resulte da normativa aplicable, e non recollido nos puntos anteriores: reintegro de ata o 100 % da axuda concedida.

3. Igualmente, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con axudas ou subvencións doutras admi-



nistracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

4. As cantidades que teñan que reintegrar as entidades beneficiarias terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para a súa cobranza o previsto no artigo 14.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na normativa da Comunidade Autónoma de aplicación.

5. De conformidade co previsto no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria poderá realizar devolución voluntaria de cantidades indebidamente percibidas mediante ingreso na conta habilitada da Facenda Pública galega. O importe da devolución incluírá os xuros de demora. No documento de ingreso deberá identificarse o número do expediente, o concepto da devolución, e o nome e NIF da entidade beneficiaria. Unha vez ingresado, deberase informar á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria da devolución voluntaria realizada.

Artigo 28. *Comprobación, inspección e control*

1. A Consellería de Sanidade poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta orde, e realizará, ben con persoal propio ou a través de empresas auditoras, actuacións de comprobación e control para verificar sobre o terreo o cumprimento das condicións para a percepción das axudas. As comprobacións incidirán sobre todos aqueles aspectos que garantan a realización dos compromisos adquiridos e o cumprimento dos requisitos fixados nesta orde. O persoal encargado da verificación redactará a acta da actuación de control, que asinará a entidade á cal se lle entregará unha copia, e presentará ao órgano competente xunto co informe de verificación. A entidade queda obrigada a facilitarlle ao persoal designado copia da documentación que se lle solicite relativa ao expediente obxecto de control.

2. Ademais, todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.



Artigo 29. Información ás entidades interesadas

Sobre este procedemento poderase obter información a través do teléfono 012, do enderezo electrónico saude.mental@sergas.es, e na Dirección Xeral Asistencia Sanitaria.

Disposición derradeira primeira. Órgano responsable

A Dirección Xeral de Asistencia sanitaria adoptará as medidas oportunas para o seguimento, a avaliación, a difusión e a execución dos proxectos seleccionados previstos nesta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2023

Julio García Comesaña
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I**Actuacións destinadas a programas de interese xeral
para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais**

Liña I. Proxectos de investimento en melloras nos centros sanitarios e sociosanitarios cuxa actividade principal sexa o desenvolvemento de programas asistenciais e psicossociais ou preventivos en materia de trastornos mentais (incluídos os trastornos adictivos).

Serán obxecto de subvención os seguintes programas:

a) Proxectos de investimento para a realización de obras de reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación para a prestación de servizos de atención a persoas con trastornos mentais e/ou adictivos.

b) Proxectos de investimento para a realización de obras de conservación e mantemento de centros e servizos de atención a persoas con trastornos mentais e/ou adictivos.

c) A adquisición de subministracións, equipamento e vehículos que faciliten a prestación de servizos a persoas con trastornos mentais e adictivos.



Liña II. Programas de intervención comunitaria en persoas con trastorno mental severo (incluídos os trastornos adictivos).

Programas que ofrezan unha intervención integral ás persoas que padezan un trastorno mental desde a prevención, educación e recuperación, fomentando os recursos de proximidade e o incremento das competencias dos equipos e a xeración de redes de coordinación interdepartamentais:

a) Programas de atención domiciliaria a persoas con trastorno mental severo e as súas persoas achegadas.

b) Programas de apoio emocional a persoas con trastorno mental severo, persoas coificadoras e persoas achegadas.

c) Actividades de prevención e promoción da saúde mental e os estilos de vida saudables dirixidos a persoas con trastorno mental e as súas persoas coificadoras.

d) Actividades de sensibilización que reduzan o estigma da enfermidade mental.

e) Actividades de información, orientación e asesoramento sobre saúde mental en cursos especializados.

f) Programas dirixidos á protección da saúde mental infantil de intervención psicolóxica precoz en coordinación cos servizos sanitarios.

g) Programas de capacitación do voluntariado dirixidos a persoas con trastorno mental severo.

h) Programas de formación de profesionais de entidades de iniciativa social orientados a mellorar a capacitación na detección de persoas en risco de presentar un trastorno mental, e en habilidades para o manexo terapéutico destas persoas.

i) Programas de apoio psicosocial ás persoas con trastorno de personalidade e os seus achegados.

j) Programas de intervención en trastornos de conduta alimentaria.

Liña III. Programas de promoción do desenvolvemento de contornos protectores no ámbito dixital e prevención terciaria en adiccións comportamentais e outras adiccións.

a) Programas sociosanitarios de sensibilización, formación, información, asesoramento e rehabilitación en persoas afectadas por ludopatía.



b) Programas sociosanitarios de sensibilización, formación, información, asesoramento e rehabilitación en persoas afectadas por adicción alcohólica.

c) Programas destinados a sensibilización e educación de familias, centros educativos, institucións e empresas para a promoción do uso seguro e responsables das tecnoloxías para a relación, a información e a comunicación (TRIC).

Liña IV. Programas de incorporación social e fomento do emprego en persoas con trastornos mentais (incluídos os trastornos adictivos).

a) Programas dirixidos á procura de emprego das persoas cun trastorno mental ou adictivo, mediante a adquisición de valores, competencias e habilidades.

b) Programas de inserción social e laboral destinados a persoas con problemas xurídicos ou ex reclusas con trastornos mentais ou adictivos.

c) Programas de atención xurídico social a persoas con trastorno mental severo.

Liña V. Programas de prevención de suicidio en poboación xeral, trastornos mental (incluídos os trastornos adictivos).

a) Programas dirixidos á sensibilización cidadá no ámbito do suicidio.

b) Programas de prevención selectiva sobre poboación en risco.

c) Programas de capacitación a profesionais sociosanitarios na identificación e protocolos de actuación no caso de existir risco de suicidio.

d) Programas orientados ao establecemento de accións específicas para a promoción do benestar, a atención as dificultades e a prevención de situacións de desatención e soledade non desexada, particularmente no colectivo de persoas maiores, achegando recursos e servizos para previr, detectar e intervir ante estas situacións.




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA
DE SANIDADE**

ANEXO II

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE INTERESE XERAL PARA FINS DE CARÁCTER SOCIO SANITARIO NO ÁMBITO DOS TRASTORNOS MENTAIS	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO SA500A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL NIF

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

PARROQUIA LUGAR

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO 1 TELÉFONO 2 CORREO ELECTRÓNICO

DATOS DO REGISTRO ADMINISTRATIVO EN QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do rexistro e número de inscrición).

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN

ACTUACIÓNS PARA AS CALES SE SOLICITA SUBVENCIÓN (campo obrigatorio)

Deberán identificarse de acordo coas liñas establecidas no artigo 3 da orde e coas actuacións e programas detallados no anexo I da dita orde. Cada entidade soamente poderá presentar, como máximo, un programa por cada unha das liñas especificadas.

Denominación do programa presentado	Liña	Importe solicitado (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>




A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

AXUDAS SOLICITADAS

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

AXUDAS CONCEDIDAS

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que a entidade solicitante, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes:

- Non están incursas en ningún dos supostos sinalados como prohibición para obter a condición de beneficiario/a no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

4. Que, de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente, que se dispón da documentación que así o acredita, que se porá á disposición da Administración cando sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente ao devandito recoñecemento ou exercicio.

5. Que a/as actuación/s para a/as cal/cales se solicita subvención se desenvolven de maneira real e efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia.

6. Que todo o persoal contratado que vai participar no proxecto non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e o abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, en aplicación do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil, así como que as persoas voluntarias que van participar no proxecto e que están relacionadas con menores de idade non teñen antecedentes penais non cancelados por delitos de violencia doméstica ou de xénero, por atentar contra a vida, a integridade física, a liberdade, a integridade moral ou a liberdade e indemnidade sexual do outro cónxuxe ou dos/das fillos/as, ou por delitos de tráfico ilegal ou inmigración clandestina de persoas, ou por delitos de terrorismo en programas cuxas persoas destinatarias teñan sido ou poidan ser vítimas destes delitos, en aplicación do previsto no artigo 8.4 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado.

7. Que coñece as obrigas derivadas desta orde e demais normativa aplicable.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE
Documentación complementaria común para presentar para todas as liñas de financiamento

- Certificado de posuír certificados de calidade en vigor con base na norma ONG con calidade, ISO 9001:2015, EFQM ou outros sistemas de calidade que garantan o control de procesos e programas, de ser o caso.
- Certificado de estar sometido a auditoría externa de contas, de ser o caso.
- Plan de igualdade actualizado, de ser o caso.
- Documento dos compromisos de execución asumidos por cada membro e o importe da subvención que se vai aplicar a cada un, no caso das agrupacións sen personalidade xurídica segundo o modelo do anexo VI.
- Documento específico para valoración das entidades (anexo V).

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da representatividade da persoa solicitante para actuar en nome da entidade para o caso de que esta se atribúa a persoa distinta á designada no Rexistro Administrativo da Comunidade Autónoma			
<input type="checkbox"/> Estatutos debidamente dilixenciados.			




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA
DE SANIDADE**
**ANEXO II
(continuación)**
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)
LIÑA I. LETRAS A E B (proxecto de execución de obras de reforma, restauración, rehabilitación, gran reparación, conservación ou mantemento):

- Memoria de investimento segundo o modelo do anexo IV.
- Certificado do rexistro da propiedade que acredite que o inmoble onde se realicen as obras é propiedade da entidade ou contrato de alugamento ou cesión.
- Autorización da persoa propietaria no caso de que a obra se realice nun local alugado ou cedido.
- Planos de actuación.
- Anteproxecto orzamentado ou proxecto de obras ou orzamento detallado e memoria asinada polo/a contratista en caso de conservación e reparación de menor contía.
- Informe sobre a viabilidade urbanística e acreditación da posibilidade legal de obter licenzas e permisos necesarios.
- Tres ofertas distintas de tres provedores distintos no caso de obras superiores a 40.000 euros.

LIÑA I. LETRA C (adquisición de subministracións, equipamentos ou vehículos):

- Memoria de investimento segundo o modelo do anexo IV.
- Orzamento da empresa subministradora, con indicación do custo por unidade e do importe total das adquisicións que se pretenden realizar.
- Tres ofertas distintas de tres provedores distintos no caso de subministracións superiores a 15.000 euros.

LIÑA II. Programas de intervención comunitaria en persoas con trastorno mental severo (incluídos os trastornos adictivos)

- Memoria do programa segundo o modelo do anexo III.
- Plan de formación de profesionais, de ser o caso.
- Plan de comunicación do programa, de ser o caso.

LIÑA III. Programas de prevención de recaídas en alcoholismo e adicións comportamentais

- Memoria do programa segundo o modelo do anexo III.
- Plan de formación de profesionais, de ser o caso.
- Plan de comunicación do programa, de ser o caso.

LIÑA IV. Programas de incorporación social e fomento do emprego en persoas con trastornos mentais (incluídos os trastornos adictivos)

- Memoria do programa segundo o modelo do anexo III.
- Plan de formación de profesionais, de ser o caso.
- Plan de comunicación do programa, de ser o caso.

LIÑA V. Programas de prevención do suicidio

- Memoria do programa segundo o modelo do anexo III.
- Plan de formación de profesionais, de ser o caso.
- Plan de comunicación do programa, de ser o caso.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNAME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de débedas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DE SANIDADE****ANEXO II
(continuación)****INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado da tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación e supresión dos seus datos ou retirar, de ser caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 18 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca, polo procedemento de anticipado de gasto, o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais (código de procedemento SA500A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO III
Memoria explicativa programas liñas II, III, IV e V

Achegarase un arquivo en formato pdf e asinado electronicamente coas seguintes características:

- Máximo de 16 páxinas.
- Marxes de 2 cm.
- Letra Arial, tamaño 11.
- Interliñado sinxelo.

Epígrafes:

1. Denominación do programa e liña segundo as especificadas no anexo I.
2. Tipo de programa dentro da liña segundo os especificados no anexo I.

3. Fundamentación teórica e pertinencia do programa: xustificarse a necesidade do programa para a poboación albo nese contexto dado, achegando datos para fundamentalo (argumentación, referencias bibliográficas, citas, relación coas liñas estratéxicas do Sergas, OMS...), así como a indicación de como se realiza a estimación de persoas beneficiarias directas e indirectas.

4. Proposta metodolóxica para o desenvolvemento do programa: obxectivos xerais e específicos definidos para o programa, descrición das fases do proceso de traballo para a consecución dos obxectivos e detalle da metodoloxía .

5. Descrición dos criterios de inclusión no programa: descrición detallada dos colectivos incluídos tendo en conta as seguintes dimensións: equidade (ofrecendo igual atención a igual necesidade) e accesibilidade (reducindo barreiras xeográficas, tempos de resposta ou de espera).

6. Poboación obxecto do programa:

– Nenas e nenos, adolescentes/mulleres/maiores.



7. Proposta de indicadores de proceso e resultado definidos para a avaliación do programa.

8. Innovación: indicando se o programa se dirixe a atender necesidades emerxentes non cubertas (que acheguen solucións eficaces e adaptativas) ou cando incorporen novas tecnoloxías (que engadan calidade na atención co mesmo custo).

9. Número de horas mensuais do programa e distribución horaria da actividade indicando:

- Se se realiza todos os días laborais.
- Se se realiza en horario de tarde.
- Se se realiza en fin de semana.

10. Actividades do programa, especificando as persoas beneficiarias e as datas de realización segundo o modelo:

Actividade	Persoas beneficiarias (Homes)	Persoas beneficiarias (Mulleres)	Data inicio	Data fin
			--/--/----	--/--/----
			--/--/----	--/--/----
			--/--/----	--/--/----
			--/--/----	--/--/----
			--/--/----	--/--/----

11. Datos globais do equipo que realizará o programa, indicando cal é o responsable.

Nome e apelidos	DNI	Titulación/categoría	Vinculación contractual	Nº de horas semanais	Nº de meses	Retribución total	Seguridade social a cargo da entidade	Total
TOTAL								



12. Persoal voluntario que colabora no programa.

Cualificación/Experiencia	Número total de persoas	Funcións	Número de horas dedicadas ao programa

13. Medios técnicos, indicando:

- Se se dispón dun centro propio para executar a actividade.
- Se poñen á disposición do usuario un servizo de transporte mediante vehículo propio.
- Se realizan a actividade usando tecnoloxías que permitan a atención telemática ao/á usuario/a.

14. Existencia de plan de formación de profesionais.**15. Existencia de plans de divulgación e plan de comunicación do programa indicando:**

- Accións comunitarias.
- Accións en redes sociais.
- Accións nos medios de comunicación.
- Publicacións periódicas.

16. Ámbito territorial do programa (localización física do programa).

Provincia/s	Localidade/s	Persoas beneficiarias



17. Orzamento do programa (os gastos totais de persoal deben coincidir co total do punto 11).

Concepto	Solicitado Xunta de Galicia	Outras subvencións	Financiamento propio	Total
A. Gastos de persoal				
B. Gastos correntes: especificar				
C. Axudas de custo e gastos de viaxe				
D. Xestión e administración				
TOTAL GASTOS				

18. Subcontratacións previstas.

19. Descrición doutras axudas e colaboracións previstas.

ANEXO IV Memoria de investimento programas liña I

Achegarase un arquivo en formato pdf e asinado electronicamente coas seguintes características:

- Máximo de 16 páxinas.
- Marxes de 2 cm.
- Letra Arial, tamaño 11.
- Interliñado sinxelo.

Epígrafes:

1. Identificación (nome) do centro e número de rexistro no RUEPPS.
2. Tipo de actuación para a que se solicita a subvención, de entre as seguintes:

- Proxectos de investimento para a realización de obras de reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación para a prestación de servizos de atención a persoas con trastornos mentais e adictivos.



- Proxectos de investimento para a realización de obras de conservación e mantemento de centros e servizos de atención a persoas con trastornos mentais e adictivos.

- A adquisición de subministracións, equipamento e vehículos que faciliten a prestación de servizos a persoas con trastornos mentais e adictivos.

3. Tipo de centro para o que se solicita a subvención, indicando se o investimento vai afectar:

- Centros ou servizos de atención destes destinados a dependencias administrativas.
- Centros ou servizos de atención destes destinados a dependencias administrativas de atención ao público.
- Centros ou servizos de atención a usuarios de carácter non administrativo que non teñen consideración de centros de intervención social ou espazos residenciais.
- Centros sanitarios de carácter non residencial.
- Centros sanitarios de carácter residencial.

4. Actuacións que se van realizar e calendario de realización.

5. Xustificación da necesidade da actuacións: indicando se realizar o investimento supón unha necesidade para o desenvolvemento de actividades habituais do centro.

6. Xustificación da urxencia da actuación: indicando se a deficiencia que se pretende emendar supón ou non un perigo para a seguridade das persoas usuarias do centro.

7. Melloras nas condicións de accesibilidade universal que, de ser o caso, supón o investimento indicando se ademais o investimento supón unha mellora de accesibilidade sensorial e/ou cognitiva e se supón unha mellora na atención telemática e/ou domiciliaria.

8. Incremento da capacidade de atención do centro tras a realización do investimento.



9. Localización territorial do investimento.

Provincia/s	Localidade/s

10. Orzamento do investimento.

Concepto	Solicitado Xunta de Galicia	Outras subvencións	Financiamento propio	Total
A. Gastos de investimento: especificar				
TOTAL GASTOS				

11. Subcontratacións previstas.

12. Descrición doutras axudas e colaboracións previstas.

13. Sistemas de calidade.




**XUNTA
DE GALICIA**
**CONSELLERÍA
DE SANIDADE**

ANEXO V

INFORMACIÓN PARA A VALORACIÓN DAS ENTIDADES
DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

ÁMBITO TERRITORIAL DAS ACTUACIÓNS E PROGRAMAS REALIZADOS POLA ENTIDADE OU CONFEDERACIÓN, FEDERACIÓN OU AGRUPACIÓN NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA NOS ÚLTIMOS DOUS ANOS

EXPERIENCIA NA XESTIÓN E EXECUCIÓN DOS PROGRAMAS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Nº de anos de experiencia no desenvolvemento de programas de similar natureza ao solicitado para a subvención nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria

No caso de confederacións, federacións ou agrupacións, terase en conta a súa experiencia ou a das entidades que a integren, tendo en conta neste último caso que para acadar a puntuación anterior debe contar coa experiencia exixida en cada un dos tramos anteriores un mínimo do 20 % das entidades integrantes.

CALIDADE NA XESTIÓN DA ENTIDADE (imprescindible acreditación documental)

Conta con certificados de calidade en vigor con base na norma ONG con calidade ISO 9001.2015, EFQM ou outros sistemas de calidade que garantan o control de procesos e programas

- Non conta co certificado
 Conta co certificado

No caso de solicitudes de confederacións, federacións ou agrupacións, contan co certificado de calidade na xestión

AUDITORÍA EXTERNA (imprescindible acreditación documental)

A entidade está sometida a auditoría externa de contas

- Non está sometida
 Está sometida

No caso de solicitudes de confederacións, federacións ou agrupacións, están sometidos a auditoría externa de contas

VALORACIÓN DOS RECURSOS HUMANOS DA ENTIDADE NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Natureza do tipo de contrato dos traballadores da entidade

Nº total de persoas traballadoras da entidade	Nº de persoas traballadoras con contrato indefinido	Nº de persoas traballadoras con discapacidade	Nº de mulleres vítimas de violencia de xénero
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DE SANIDADE****ANEXO V
(continuación)**

Para determinar o número total de traballadores, ou a porcentaxe de contratos indefinidos, ou traballadores con discapacidade, das confederacións, federación ou agrupacións terase en conta a totalidade dos traballadores de todas as entidades que as integran.

Mulleres vítimas de violencia de xénero

VOLUME DE INGRESOS PROCEDENTE DO FINANCIAMENTO OBTIDO DOUTRAS ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS

Para o cálculo da porcentaxe do cofinanciamento das confederacións, federación ou agrupacións, tense en conta a porcentaxe de financiamento obtido por todas as entidades que a integran respecto do orzamento total de todas elas

PLANS DE IGUALDADE (imprescindible acreditación documental)

A entidade ten un plan de igualdade nos termos previstos na LO 3/2007, do 22 de marzo, e no DL 2/2015, do 12 de febreiro.

- Non conta con plans de igualdade
 Conta con plans de igualdade


No caso de solicitudes de confederacións, federacións ou agrupacións, contan con plans de igualdade

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: bda7gk98-d5j8-qmm6-rdx5-vixkcgaoofmd0

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

ANEXO VI
Modelo de acordo de colaboración para agrupación
de entidades sen personalidade xurídica

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE	
RAZÓN SOCIAL	NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

REUNIDOS:

a) Dunha parte, D./Dna. _____, con DNI _____, en representación da entidade _____ con enderezo en _____
_____ RUEPSS _____

b) Dunha parte, D./Dna. _____, con DNI _____, en representación da entidade _____ con enderezo en _____
_____ RUEPSS _____

(Engadir tantas entidades como teña a agrupación).

As partes recoñécense capacidade e lexitimade para conveniar, para cuxo efecto.

EXPOÑEN:

1. Que o obxectivo do presente acordo é constituír unha agrupación sen personalidade xurídica co fin de obter a condición de beneficiario das convocadas mediante orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais.

2. Que o artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas



sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se aplica por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigacións que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da presente lei.

3. Que as entidades representadas polos asinantes reúnen os requisitos establecidos no artigo 4.1 da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais, sen prexuízo dos establecidos no anexo I para cada liña subvencionada, pretenden levar a cabo o/os seguinte/s programa/s:

« _____ »

« _____ »

« _____ »

(Engadir tantos programa/s que pretendan realizar).

ACORDAN:

Subscribir o presente acordo de colaboración para a execución do/dos programa/s e/ou proxecto/s de investimento identificados na epígrafe terceira anterior de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. As partes manifestan a súa vontade de concorrer conxuntamente á convocatoria identificada na epígrafe primeira.

Segunda. As partes identifican como representante legal da agrupación a Don/Dona _____ con DNI _____. Este representante terá poder suficiente para cumprir coas obrigacións que, como entidade beneficiaria, corresponda á agrupación.



Terceira. A entidade coordinadora responsable da agrupación ante a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia será _____ con CIF _____. A responsabilidade desta entidade enténdese sen prexuízo da responsabilidade solidaria das entidades que integran a presente agrupación respecto das posibles obrigacións de reintegro en relación coa actividade subvencionada. Así mesmo, as ditas entidades serán responsables das infraccións administrativas que se puidesen derivar da actividade subvencionada.

Cuarta. Coa sinatura do presente acordo os representantes das entidades declaran individualmente e baixo a súa responsabilidade que as ditas entidades cumpren a título individual todos e cada un dos requisitos previstos no artigo 4.1 da orde sen prexuízo dos establecidos no anexo I para cada liña subvencionada. En especial, declaran non estar incurso nas causas de prohibición previstas no punto 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Quinta. As entidades integrantes da agrupación comprométese a executar os importes e porcentaxes por entidade que se detallan a continuación para cada programa ou proxecto de investimento:

1. Programa/proxecto de investimento:

Entidade	Compromisos de execución (materiais e financeiros)	Porcentaxe de subvención que lles corresponderá
Total	100 % (compromisos financeiros)	100 %

(Engadir tantos programa/s e/ou proxecto/s de investimento que pretendan realizar).

Sexta. As entidades asinantes comprométese a manter a vixencia do presente acordo desde a data da sinatura ata transcorrido o prazo de prescrición. Non poderán disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



En proba de conformidade co expresado neste acordo de colaboración, asínase polas partes comparecentes, por triplicado, no lugar e data que se sinalan:

_____, ____ de _____ de 2023.

Entidade	Entidade
Representante da entidade Selo, nome e apelidos	Representante da entidade Selo, nome e apelidos



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DE SANIDADE**

ANEXO VII

REFORMULACIÓN/ACEPTACIÓN/DESISTENCIA DE SUBVENCIÓN

SA500A - SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE INTERESE XERAL PARA FINS DE CARÁCTER SOCIO SANITARIO NO ÁMBITO DOS TRASTORNOS MENTAIS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

PROGRAMA, IMPORTE SOLICITADO

PROGRAMA	IMPORTE SOLICITADO

Téndose comunicado a proposta provisional da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter socio sanitario no ámbito dos trastornos mentais e o importe da subvención proposta inferior ao solicitado:

- Acepta a subvención
- Desiste da solicitude
- Reformula a solicitude (para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgable) nos seguintes termos:



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA
DE SANIDADE**

ANEXO IX

CERTIFICACIÓN DE GASTOS

SA500A - SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE INTERESE XERAL PARA FINS DE CARÁCTER SOCIO SANITARIO NO ÁMBITO DOS TRASTORNOS MENTAIS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA:

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS DA PERSOA QUE CERTIFICA:

Que os gastos que se xustifican por un importe de

€ se ocasionaron no desenvolvemento das actividades

correspondentes ao programa

e os ditos gastos foron debidamente aboados.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA**

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria



ANEXO X
Memoria de actuación

Achegarase un arquivo por cada programa en formato pdf e asinado electronicamente coas seguintes características:

- Máximo de 25 páxinas.
- Marxes de 2 cm.
- Letra Arial, tamaño 11.
- Interliñado sinxelo.

Epígrafes:

1. Denominación do programa.
2. Resumo do contido do programa.
3. Período de execución do programa.
4. Número de persoas beneficiarias directas do programa desagregando por sexos.
5. Actividades do programa, especificando as persoas beneficiarias e as datas de realización segundo o modelo:

Actividade	Persoas beneficiarias	Data inicio	Data fin
		--/------	--/------
		--/------	--/------
		--/------	--/------
		--/------	--/------
		--/------	--/------

6. Localización territorial do programa.

Provincia/s	Localidade/s	Persoas beneficiarias



7. Estado de liquidación do programa, segundo o modelo.

Concepto	Xunta de Galicia	Outras subvencións	Financiamento propio	Total
A. Gastos de persoal				
B. Gastos correntes: especificar				
C. Axudas de custo e gastos de viaxe				
D. Xestión e administración				
TOTAL GASTOS				

8. Obxectivos previstos, cuantificados.

Obxectivo	Indicador	Resultado esperado	Resultado obtido

9. Resultados obtidos cuantificados e valorados.**10. Desviacións respecto ao programa inicial presentado.**